

ORDE do 11 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2026 (código procedemento administrativo TR331A).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024 , do 22 de abril , polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 147/2024, de 20 de maio , polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e, en concreto, a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, asume o exercicio das competencias e funcións, en materia de intermediación e orientación laboral, promoción da empregabilidade e formación profesional para o emprego, e singularmente, o deseño, planificación e execución das medidas dirixidas á prestación dos servizos previstos na Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego na Estratexia Española de Activación para o Emprego.

Con base no exposto, correspóndelle a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas, por unha banda, a fomentar a

creación de emprego de calidade e, por outra, incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, prestando especial atención aos colectivos con especiais dificultades de inserción, no marco do respectivo Plan Anual para o Fomento do Emprego Digno (PAFED) e no eido da colaboración institucional entre o goberno galego e os axentes económicos e sociais de Galicia.

Esta regulamentación autonómica enmárcase dentro do establecido no artigo 32 da nova Lei 3/2023, de Emprego, do 28 de febreiro, do que resulta que as Comunidades Autónomas están habilitadas para o deseño e execución das políticas activas de emprego adaptadas ás peculiaridades e características dos seus mercados de traballo locais que, en todo caso, deberán preverse no respectivo Plan Anual para el Fomento del Empleo (PAFED).

Os elementos que caracterizan o programa de orientación laboral que prestarán as entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde concordan cos definidos no Real Decreto 438/2024, do 30 de abril, polo que se aproba a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego e os servizos garantidos establecidos na Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego. Desta maneira, configúrase un programa autonómico nesta materia, que a Xunta de Galicia incluírá no correspondente Plan Anual para o Fomento do Emprego (PAFED) no eixe 1.

Este programa caracterízase en Galicia pola adopción dun modelo de orientación aberta que, baseándose no traballo en rede do persoal orientador, procura unha maior implicación, compromiso e protagonismo da persoa demandante na configuración, execución e mellora do seu propio proceso de busca activa de emprego.

Así mesmo, o Real Decreto 818/2021, de 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego, consolida e reforza a orientación individualizada por medio de persoal orientador cualificado, establecendo na sección 1ª, subsección 1ª, as características esenciais do programa de orientación profesional para o emprego e autoemprego.

Por outra banda, e de conformidade co Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de febreiro de 2013, polo que se determinan os criterios aplicables ás axudas e subvencións destinadas ás entidades locais da comunidade autónoma, para primar proxectos de xestión compartida e incentivar procesos de fusión municipal, esta orde establece criterios de valoración específicos para aqueles proxectos de xestión compartida ou fusión municipal que representen un aforro de custos e unha xestión máis eficaz no desenvolvemento das accións de orientación laboral subvencionadas.

Por último, requírese o uso de medios telemáticos de cara á presentación da solicitude e realización dos tramites administrativos do procedemento a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, de acordo coa Lei 4/2019, do 17 de xullo de administración dixital de Galicia, que regula o réxime xurídico da utilización dos medios electrónicos por parte do sector público galego no desenvolvemento da súa actividade e nas súas relacións coa cidadanía, coas demais administracións públicas e coas empresas e as entidades, as infraestruturas e os servizos do sector público galego, as medidas para o desenvolvemento dixital na sociedade con criterios de inclusión e non-discriminación e os órganos con competencias en relación coa administración dixital. Esta exigencia comporta a necesaria obtención por parte das persoas representantes legais das entidades, cando non dispoñan deles, do DNI electrónico ou certificado electrónico de

persoa física da FNMT ou Chave365.

Esta convocatoria tramítase ao abeiro do disposto no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e logo do informe favorable da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Asesoría Xurídica e a Intervención Delegada, e tendo en conta as regras establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no que resulte de aplicación, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en virtude das atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e financiamento*

1. Esta orde ten por finalidade o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións ás entidades que presten servizos de orientación laboral para o emprego e asistencia para o autoemprego, articulados en itinerarios ou plans personalizados de actuación dirixidos a mellorar as posibilidades de ocupación das persoas demandantes de emprego e servizos inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, a través da incorporación de persoal técnico de orientación

laboral para o exercicio 2026, no ámbito da colaboración da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración coas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, como instrumento para promover a configuración dunha rede especializada na mellora da empregabilidade e ocupabilidade das persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia (código do procedemento TR331A).

2. O financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo ás aplicacións orzamentarias 14.03.322A.460.4 e 14.03.322A.481.1 (código de proxecto 2015 00524) polos importes máximos de 3.145.100 e 5.365.100 euros, respectivamente, correspondentes a fondos finalistas recibidos do Servicio Público de Emprego Estatal, ao existir crédito adecuado suficiente na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

3. Os importes máximos recollidos no parágrafo anterior poderán ser obxecto de modificación como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos finalistas para o financiamento dos programas e servizos en materia de emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, así como nos supostos previstos nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, logo da aprobación, se é o caso, da modificación orzamentaria que proceda. Os incrementos de crédito serán obxecto da oportuna publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 2. *Entidades beneficiarias. Requisitos*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas na presente orde:

a) As entidades locais, coa excepción das entidades de ámbito territorial provincial, ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha das anteriores, cuxa titularidade corresponda integramente a elas, sempre que, por sí soas ou asociadas entre concellos, teñan unha media de paro rexistrado no ano 2025 superior a 200 persoas ou formen parte dunha agrupación que comprenda, cando menos, tres concellos galegos (ou a dous no caso de que un deles proceda da fusión de concellos).

Un mesmo concello non poderá presentar solicitude por si só e en agrupación a través de convenio de colaboración.

b) As confederacións e asociacións empresariais e as organizacións sindicais de Galicia e as fundacións delas dependentes con experiencia na realización de accións de orientación laboral.

c) As seguintes entidades sen ánimo de lucro, que realicen accións de orientación laboral de acordo co previsto nestas bases reguladoras:

- entidades especializadas en atención a persoas con discapacidade de acordo co recollido nos seus estatutos.

- entidades especializadas na atención a un colectivo específico de persoas en determinadas situacións de risco de exclusión social (persoas en procesos de rehabilitación de adiccións, persoas procedentes de cumprimentos de penas penitenciarias, pertencer a unha minoría étnica, muller vítima de violencia de xénero,...) de acordo co recollido nos seus estatutos.

- entidades non incluídas nas dúas liñas anteriores, que teñan entre as súas finalidades a atención ao colectivo de persoas en risco de exclusión social ou situación de vulnerabilidade. As

entidades deste apartado que non recibiran subvencións correspondentes a este procedemento en exercicios anteriores, deben acreditar que teñen entre as súas finalidades estatutarias ou fundacionais a atención ao colectivo de persoas en risco de exclusión social ou situación de vulnerabilidade e acreditar experiencia en accións de orientación laboral desenvoltas de acordo co previsto no artigo 3 destas bases reguladoras durante polo menos dous anos nos últimos 5. Para estes efectos deberá achegarse no momento da solicitude acreditación documental concreta referida á actividade desenvolta mediante a presentación de documentación das atencións realizadas adecuadamente anonimizada, programas executados, protocolos de actuación desenvoltos nos anos anteriores e calquera outra documentación xustificativa que a entidade considere oportuna. A documentación xustificativa deberá reflectir a atención a un número significativo de persoas en situación de vulnerabilidade.

Para os efectos desta orde, entenderase como entidade sen ánimo de lucro aquelas entidades en que conorra a forma xurídica de asociación ou fundación segundo a clasificación establecida pola administración tributaria en relación ao número de identificación fiscal (letra G).

2. As entidades solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Dispoñer de locais con espazos diferenciados para a atención individual ás persoas demandantes de emprego e que reúnan as condicións de accesibilidade e calidade necesarias para o correcto desenvolvemento das actividades descritas no artigo 3 da presente orde. Os locais e espazos deberán atoparse completamente habilitados na data de inicio do período subvencionable.

b) Estar en condicións de habilitar unha conta de correo electrónico que actúe como caixa de correo do servizo (polo que na súa denominación deberá constar, necesariamente, o termo "orientación" e a denominación da entidade), para os efectos de realizar as comunicacións electrónicas coa entidade.

c) Dispoñer dos medios técnicos e materiais para habilitar unha conexión coa Rede Corporativa da Xunta de Galicia vía Internet. O hardware de comunicación que posibilite a conexión á Rede Corporativa da Xunta de Galicia terá que cumprir os estándares definidos polo organismo xestor da dita rede.

d) Dispoñer dun ordenador persoal con protocolo TCP/IP. A conexión do ordenador á Rede Corporativa da Xunta de Galicia deberá ser exclusiva. A entidade para o seu acceso vía Internet deberá dispor dunha ou varias IPS fixas, en caso de ser necesarias. Tanto o software de base instalado como as características do hardware da estación de traballo deberán posibilitar o correcto funcionamento da aplicación informática cliente do Servizo Público de Emprego de Galicia.

e) Dispoñer de acceso a Internet e correo electrónico e aplicar medidas de seguridade de nivel medio no tratamento da información de carácter persoal; as entidades que teñan acceso a datos de nivel alto deberán contar coas medidas de seguridade acordes á información que tratan. Ademais, deberase contar con software antivirus debidamente actualizado e con mantemento periódico en todas as estacións de traballo que teñan acceso á Rede corporativa da Xunta de Galicia.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades que incorran nalgunha das prohibicións que establece o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. *Actividades do servizo de orientación laboral*

1. Os servizos de orientación laboral que presten as entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde se realizarán de forma principalmente presencial, segundo as indicacións que se establezan mediante a publicación de instrucións operativas, e deberán axustarse para a súa realización ao establecido no artigo 11 do Real Decreto 438/2024, do 30 de abril, polo que se aproba a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego e os servizos garantidos, incluíndo as seguintes actividades:

A) Elaboración dun perfil individualizado: comprenderá a elaboración dun perfil individualizado da persoa usuaria que permita a súa avaliación, co apoio, entre outros elementos, de evidencias estadísticas, para a mellora da súa empregabilidade, e que facilite o ulterior deseño ben dun itinerario personalizado formativo que contemple todas as opcións dos diferentes sistemas de formación, ben dun proceso de busca activa de emprego. A elaboración do perfil individualizado se realizará mediante o diagnóstico da situación de partida da persoa usuaria, que comprenderá unha atención personalizada, para identificar as súas habilidades, competencias, formación e experiencia profesional, así como a súa idade ou pertenza a colectivos prioritarios, os seus intereses, a súa situación familiar, ámbito territorial, tempo e motivos de desemprego, percepción de prestacións ou axudas económicas á activación e calquera outra variable persoal ou social que poida ser relevante, en función das súas necesidades e expectativas. A partir deste diagnóstico elaborárase un perfil competencial onde se recollerán todas as competencias adquiridas pola

persoa ao longo da súa vida. O diagnóstico resumirá a valoración realizada, destacando os factores persoais e profesionais que posicionan favorablemente a persoa usuaria na consecución do seu obxectivo profesional, así como os principais obstáculos de acceso ao emprego, incluídas as posibles desigualdades que puidera sufrir por razón de xénero, pertenza a colectivos de atención prioritaria ou outro condicionante sociocultural.

B) Titorización individual, asesoramento continuado e atención personalizada que estará libre de prexuízo e estereotipos de calquera índole, especialmente de xénero, idade e discapacidade, orientación sexual, identidade de xénero, lingua e orixe nacional ou étnico, e prestará atención ás necesidades específicas das distintas etapas vitais, en particular aquelas que producen maior aloxamento do mercado laboral, como a maternidade e o coidado de persoas menores ou maiores ou as causadas pola situación socio sanitaria das persoas e/ou dos tratamentos prescritos ás mesmas.

O asesoramento técnico continuado conterá un ou varios dos seguintes servizos:

a) Asesoramento técnico sobre a situación do mercado de traballo, perfís profesionais que requiren as empresas, programas ou actuacións de políticas activas de emprego e servizos do Sistema Nacional de Emprego. Consiste na comunicación sobre os datos ou circunstancias relativas ao mercado de traballo e os programas ou actuacións de políticas activas de emprego que poidan resultar de utilidade para incrementar as oportunidades de emprego ou de mantemento do emprego e a promoción profesional da persoa titorizada, incluída a información acerca dos servizos de emprego garantidos e os métodos de acceso aos mesmos.

b) Asesoramento técnico sobre a oferta formativa dos sistemas de formación existentes, programas de activación para o emprego axustados ás súas necesidades e acreditación das competencias adquiridas a través da experiencia u outras vías formais ou informais de formación. Este servizo incluírá a provisión de información sobre a formación específica dispoñible en calquera dos sistemas, no momento de asesoramento, que inclúan accións formativas que permitan a adquisición efectiva, ou o incremento sensible, de competencias que redunden nunha maior capacidade de inserción ou de mantemento do emprego e a promoción profesional da persoa asesorada. A información facilitada será aquela que, en función do perfil da persoa demandante de emprego, mellor atenda, tanto a completar as lagoas competenciais detectadas no proceso de diagnóstico, como aos requirimentos e demandas do mercado de traballo e, de ser adecuado, terá como base a posibilidade de realizar itinerarios formativos accesibles, progresivos, acumulables e adaptados ás súas necesidades e ás do mercado laboral.

c) Asesoramento na aplicación de técnicas para a busca activa de emprego. Incluírá a provisión de información e o adestramento no manexo básico de medios, técnicas e ferramentas accesibles para a busca de emprego por conta allea adaptados ao perfil profesional da persoa asesorada, incluíndo o acceso aos medios de autoevaluación de competencias profesionais, detección de posibles lagunas curriculares, así como as fórmulas de acceso aos medios e servizos para a súa cobertura.

A información suministrada recollerá os medios e técnicas de busca e acceso á oferta de emprego privada e as convocatorias, bolsas e programas de emprego públicos. No seu caso, poderá incluír información básica sobre autoempleo e emprendemento colectivo ou a derivación a un servizo especializado de asesoramento na materia.

d) Asesoramento e apoio técnico para a definición do currículo, que reflectirá o perfil da persoa asesorada en términos de competencias.

Este servizo comprenderá a provisión de información e adestramento no manexo básico de medios, técnicas e ferramentas accesibles para a elaboración do historial profesional sobre o que construír cada un dos currículos con que concorrer a cada oferta concreta, así como as técnicas de adaptación das competencias aos requirimentos da oferta de emprego.

C) Itinerario ou plan personalizado de actuación adecuado ao perfil da persoa demandante dos servizos de emprego, que detallará as principais actividades propostas co obxecto de mellorar a empregabilidade da persoa usuaria, e incluírá información específica sobre a formación específica dispoñible nos distintos sistemas de formación tendo en conta as necesidades do sistema produtivo, o emprego local e os sectores emerxentes ou estratéxicos ou, de ser o caso, iniciativas de emprendemento, autoemprego e economía social, así como as súas necesidades de conciliación corresponsable da vida familiar e laboral. O itinerario prestará especial atención á eliminación de sesgos e estereotipos de calquera índole, especialmente de xénero, idade, discapacidade, orientación sexual, identidade de xénero, lingua e orixe nacional ou étnico.

Requirirá o acompañamento do persoal de orientación para as persoas demandantes de servizos de emprego que foron perfiladas, mediante a achega de información sistematizada e relevante que permita á persoa asesorada alcanzar un maior coñecemento sobre as súas capacidades e intereses e definir e alcanzar con mais seguridade os seus obxectivos.

O itinerario ou plan personalizado de actuación deberá incorporar, polo menos:

a) A identificación dun itinerario formativo, que conterá as accións de formación que resulten adecuadas para a mellora de competencias e cualificación profesional da persoa usuaria ou, no seu caso, para a súa formación continuada e actualización permanente para adaptarse ás necesidades de transformación produtiva ou aos cambios paulatinos na forma de traballo e ás exixencias de novas competencias, tendo en conta a formación específica dispoñible en calquera dos sistemas.

b) A identificación de alternativas laborais ou de emprendemento ás que pode acceder a persoa demandante de servizos de acordo co seu perfil profesional, as necesidades específicas das distintas etapas vitais e ás necesidades do sistema produtivo.

c) A identificación das actuacións de busca activa de emprego que, de acordo co seu perfil e as súas necesidades de conciliación corresponsable, a persoa usuaria quedará comprometida a realizar.

En función das competencias técnico- profesionais, transversais e persoais da persoa demandante, así como dos factores socioculturais, xeográficos e laborais, o proceso levarase a cabo en momentos ou fases sucesivas, incluíndo unha primeira fase de acollida e información, unha fase de formulación ou reformulación de obxectivos profesionais, de adecuación de eses obxectivos ás medidas e programas de apoio activo ao emprego e unha fase de deseño de itinerario ou plan personalizado de actuación. Procurarase estimular a orientación cara a sectores con alto grado de empregabilidade ou con certo grado de diversificación e, en atención a mulleres, evítanse as visións estereotipadas das ocupacións, garantindo a visibilidade das mulleres. As entidades especializadas na atención a colectivos con discapacidade deberán promover especialmente a activa-

ción laboral de mulleres con discapacidade por constituír un colectivo altamente afectado por situacións de desemprego.

D) Deseño, planificación e execución de accións grupais de orientación laboral que poidan ser de interese, en función dos perfís das persoas orientadas, tanto para mellorar a eficiencia do servizo como para fomentar a interrelación e o intercambio de experiencias entre elas.

E) Apoio á xestión da mobilidade laboral.

F) Coordinación e colaboración co resto de persoal de orientación laboral de entidades colaboradoras e do SPEG para o intercambio de información e boas prácticas no eido do emprego, o emprendemento, a análise e prospección do mercado laboral e a captación de ofertas de traballo.

G) Mellora continuada das súas propias competencias e recursos profesionais para a orientación laboral a través da participación nas accións de formación e capacitación específicas que se determinen desde a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

2. As entidades beneficiarias procurarán a formación continua do persoal técnico para garantir unha boa calidade do servizo de orientación ofrecido e poñerán a súa disposición formación continua que mellore as súas competencias. De igual modo, a entidade deberá facilitar a participación do persoal subvencionado nas accións formativas organizadas polo Servizo de Orientación laboral da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración cando estas se realicen en horario de traballo.

3. As entidades que colaboren coa Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego levarán a cabo estas accións cos seus medios propios e nas instalacións habilitadas por cada entidade para o seu desenvolvemento.

No caso de agrupacións de concellos , a atención en locais situados nos distintos municipios da agrupación estará suxeito ao establecido no seu convenio. O convenio deberá especificar todos os locais onde se preste o servizo de orientación laboral e a frecuencia dos desprazamentos.

No caso de mancomunidades de concellos nos que se realice desprazamentos, deberán indicalo no Anexo II, apartado 3, especificando as distintas localizacións onde se desenvolverá o servizo de orientación.

En ambos casos, todos os locais onde se leven a cabo as funcións de orientación indicadas neste artigo estarán suxeitos ao descrito nos artigos 2.2. a) así como 14.1 d) e 14.2 e 15 desta orde co fin de garantir as condicións mínimas de atención para as persoas demandantes de emprego, todo iso sen prexuízo das circunstancias e normativa de carácter xeral aplicable por circunstancias excepcionais.

No caso de que, unha vez iniciado o período subvencionado, se produza un cambio de local deberán someter as actuacións á aprobación previa da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, que terá en conta a localización do posto e a territorialización, permitindo unicamente cambios de postos que pasen a formar parte de zonas preferentes.

A Dirección Xeral autorizará a través do Servizo de Orientación Laboral, o acceso aos medios e ferramentas informáticas dispoñibles no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para a xestión e o seguimento dos servizos de orientación, así como para a actualización continua das competencias do persoal orientador e para a coordinación do seu traballo en rede co resto de profesionais da orientación laboral .

A tal efecto as entidades beneficiarias mecanizarán, nas aplicacións informáticas que se poñan a súa disposición, os servizos prestados ás persoas demandantes correspondentes ás tarefas de orientación, elaboración de itinerarios e accións grupais, de acordo co catálogo e código de accións de orientación do SPEG. No desenvolvemento do servizo de orientación laboral deberán cumprirse as instrucións publicadas e o Manual de Instrucións operativas para entidades colaboradoras. Todos os servizos rexistrados como ofrecidos e atendidos deben acreditarse documentalmente mediante o xustificante de prestación de servizos correspondente correctamente asinado pola persoa que recibe o servizo.

4. Serán destinatarias destas accións todas as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, ben cando o soliciten expresamente, ben cando lles sexa ofertado polo dito servizo, sendo colectivo prioritario, de acordo co previsto no artigo 50 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego, as persoas xoves, especialmente con baixa cualificación; persoas en desemprego de longa duración; persoas con discapacidade; persoas con capacidade intelectual límite; persoas con trastornos do espectro autista; persoas LGTBI, en particular trans; persoas maiores de corenta e cinco anos; persoas migrantes; persoas beneficiarias de protección internacional e solicitantes de protección internacional nos termos establecidos na normativa específica aplicable; persoas vítimas de trata de seres humanos; mulleres con baixa cualificación;

mulleres vítimas de violencia de xénero; persoas en situación de exclusión social; persoas xitanas ou pertencentes a outros colectivos poboacionais étnicos ou relixiosos; persoas traballadoras provenientes de sectores en reestruturación ; persoas afectadas por drogodependencias e outras adiccións; persoa vítimas de terrorismo, así como persoas cuxa garda e tutela sexa ou fose asumida polas Administracións públicas; persoas descendentes en primeiro grado das mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas adultas con menores de dezaseis anos ou maiores dependentes a cargo, especialmente se constitúen familias monoparentais maternas ou paternas entre outros colectivos de especial vulnerabilidade, que son atención prioritaria nas políticas activas de emprego ou outros que poidan determinarse no marco do Sistema Nacional de Emprego.

Artigo 4. Contía e modalidades da subvención, período subvencionable e compatibilidade das axudas

1. A contía máxima da subvención que se concederá con carácter xeral será de 33.000 euros por cada persoa técnica de orientación laboral contratada a tempo completo durante un período de 12 meses, tomando como referencia os custos salariais e da Seguridade Social.

2. Adicionalmente subvencionaranse os gastos que se xeran polo desenvolvemento das actividades indicadas no artigo 3 desta orde.

As contías dos módulos será de 800 euros por cada persoa técnica de orientación laboral contratada a tempo completo durante un período de 12 meses, e incluírán os seguintes conceptos:

1.º Gastos xerais, materiais e técnicos que se xeren na execución das accións.

2.º Formación das persoas técnicas orientadoras.

No caso das entidades sen ánimo de lucro que teñan entre as súas finalidades estatutarias ou fundacionais e se dediquen prioritaria e habitualmente á realización de actividades de atención a persoas con discapacidade e no caso de agrupacións de concellos nos que no seu convenio se detalle o desprazamento da persoa orientadora entre os concellos integrantes do convenio e as mancomunidades de municipios que realicen desprazamentos, a contía do módulo será de 2.700 euros por cada persoa técnica e incluírá os seguintes conceptos:

1.º Gastos xerais, materiais e técnicos que se xeren na execución das accións.

2.º Gastos que se orixinen por axudas de custo necesarias para o desenvolvemento das accións.

3.º Formación das persoas técnicas orientadoras.

Coa finalidade de cubrir o gasto xerado polo cumprimento do regulado no artigo 15 desta orde, as entidades afectadas pola obriga de presentar o informe de auditoría recibirán un módulo adicional de 1.500 euros.

3. Nos casos dos módulos de 800 e 2.700 euros, a citada contía máxima reducirase proporcionalmente en función da xornada realizada, no caso de que a prestación de servizos da actividade subvencionada se realice a tempo parcial. Non se aplicará esta redución no importe destinado a cubrir o gasto do informe de auditoría nas entidades afectadas.

4. En ningún caso se subvencionarán servizos que supoñan contratacións a tempo parcial con xornadas inferiores ao 50% da xornada laboral a tempo completo.

5. O salario que percibirán as persoas contratadas como persoal técnico de orientación laboral será aquel que corresponda legal ou convencionalmente e será acorde coa súa categoría profesional e titulación requirida para o posto subvencionado.

6. En ningún caso, o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade solicitante.

7. As axudas reguladas pola presente orde serán incompatibles con calquera outra que financie actividades cuxa realización interfira na xornada recollida na resolución de concesión da subvención. No caso de ser compatibles, a suma das axudas non poderá superar os custos salariais totais e da Seguridade Social do técnico/a subvencionado.

8. As modalidades de subvención previstas nesta orde son:

- Mantemento de servizo: prevista para as entidades que pretendan a continuidade na prestación de servizo, sen interrupción, dende a data de finalización do anterior período subvencionable.
- Novo servizo: prevista para todas as entidades que non foran beneficiarias de axudas no período anterior ou incrementen os servizos que se van subvencionar respecto deste, así como aquelas que, sendo beneficiarias no dito período, non opten pola modalidade de

mantemento de servizo.

No caso das agrupacións de municipios consideraranse como novo servizo cando se modifique a agrupación existente na convocatoria anterior mediante o abandono de algún/s dos seus integrante/s.

Artigo 5. Presentación de solicitudes e prazo

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (Anexo I).

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Forma parte de cada solicitude a declaración responsable que se contén na mesma e que fai constar os aspectos seguintes:

a) O cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, incluído o de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

b) O cumprimento dos requisitos exixidos no artigo 2.2 desta orde.

c) O conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.

d) A veracidade da documentación presentada xunto coa solicitude así como aquela que a entidade solicitante se obriga a presentar ante a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego , logo de petición, e a documentación acreditativa dos puntos a que se refire a presente declaración responsable.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*. Para estes efectos entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se este último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non houber día equivalente, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

Artigo 6. Documentación complementaria

1. As persoas entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Anexo II (memoria explicativa), en que se recollen as accións, as localizacións e as medidas realizadas pola entidade con relevancia para a aplicación dos criterios de valoración establecidos no artigo 12.3. No caso de entidades sen ánimo de lucro que non obtiveran subvención na convocatoria anterior e no caso de agrupación de concellos e mancomunidades, indicaranse tamén no apartado III os locais onde se realicen as accións de orientación segundo o establecido no artigo 3.2 da orde.

b) Anexo III (ficha de servizos 2025), en que se recollerá información das citas e accións grupais realizadas para cada un dos postos que foron financiados no exercicio anterior. Deberán presentar este anexo todas as entidades que foran beneficiarias de subvención na convocatoria 2025.

As entidades que a 31 de decembro de 2025 tivesen vixentes servizos de orientación subvencionados ao abeiro da convocatoria anterior poderán solicitar o mantemento provisional do servizo en tanto non se resolva a convocatoria de axudas.

No caso de que os ditos servizos anteriores finalicen antes da presentación da solicitude de axuda para 2026, a petición de mantemento provisional acompañarase da información recollida na ficha que figura como Anexo III desta orde. Para o resto dos casos, o mantemento provisional considerarase solicitado unha vez presentada a solicitude das axudas na modalidade de mantemento de servizo. Todos os mantementos de servizos deben manter as condicións iniciais coas que foron concedidos na convocatoria anterior, salvo modificacións puntuais que serán valoradas individualmente polo Servizo de Orientación Laboral.

O Servizo de Orientación Laboral autorizará provisionalmente os servizos e non poderán exceder dos vixentes na data citada nin dos que se soliciten con cargo a esta convocatoria

Esta autorización provisional non xerará dereitos de cara á resolución desta convocatoria de axudas, polo que se a entidade non resulta beneficiaria delas, en todo ou en parte dos servizos solicitados, entenderase revogada a autorización para o seu desempeño e non se xerarán dereitos económicos polos servizos prestados durante o tempo transcorrido dende a data de finalización do período subvencionado anterior.

c) Documentación acreditativa de representación legal para asinar a solicitude, mediante a correspondente documentación de apoderamento, resolucións, mandato, certificado expedido pola persoa que teña atribuídas as funcións de secretaria ou acta onde se determine a dita representación; salvo que o poder de representación se atope inscrito no Rexistro de apoderamentos de Galicia o que se comprobará por este servizo .Tampouco será necesaria esta presentación cando a solicitude estea asinada cun certificado de firma electrónica onde se indique que actúa en representación da persoa xurídica interesada.

d) Só para o caso das entidades previstas no artigo 2.1 b) e c) desta orde, copia do documento constitutivo e dos estatutos da entidade, onde conste que dispón de personalidade xurídica e carece de fins lucrativos. No caso das entidades do artigo 2.1 c), os estatutos deberán indicar a especialización da entidade na atención dun colectivo con discapacidade o en risco de exclusión social ou ben a súa atención como un colectivo en xeral, dentro da atención a un grupo amplo de colectivos.

e) Para o caso de agrupacións de concellos baixo calquera modalidade: copia do convenio de colaboración e memoria explicativa, se é o caso, da prestación conxunta do servizo de orientación laboral con indicación das achegas económicas ou doutra índole dos concellos agrupados, o importe da subvención que se vai aplicar a cada un deles, así como o nomeamento da persoa representante ou apoderada única da agrupación, de acordo co exixido no artigo 8.3 *in fine* da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No convenio suscrito deberá quedar establecido o acordo referido aos desprazamentos da persoa orientadora entre os concellos integrantes da agrupación para a atención das persoas usuarias, de ser o caso.

f) Resolucións de concesión de axudas para outras medidas de mellora da empregabilidade e, de ser o caso, documentación da convocatoria da medida de acordo co establecido no artigo 12.3. b.2), no caso de que proceda.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se obteñen os citados documentos ou estes non están vixentes, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerárase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 7. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- NIF da entidade solicitante.
- DNI/NIE da persoa representante.
- Certificado de estar ao día do pagamento das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao día do pagamento das obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día do pagamento das obrigas tributarias coa ATRIGA.
- Consulta de conscesións ampliado
- Consulta de axudas do Estado
- Inhabilitación para obter subvencións e axudas

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

4. Non será precisa a presentación e comprobación dos correspondentes certificados no caso de que a entidade opte por asinar a declaración responsable que ao respecto se contén no Anexo I da orde.

Artigo 8. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 9. *Procedemento, competencia e resolución*

1. O procedemento de concesión das axudas será o de concorrencia competitiva.

2. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

3. Se do exame do expediente segundo o procedemento establecido neste artigo, se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, requirirase á entidade solicitante para que, nun prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, emende o erro ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, de acordo co disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 desta lei.

4. Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á comisión de valoración para que esta proceda a súa avaliación e informe, en que se concretará o resultado da avaliación efectuada á totalidade dos expedientes.

Para estes efectos, a Comisión de Valoración estará composta pola persoa titular da Subdirección Xeral do Servicio Público de Emprego de Galicia, a persoa titular do Servizo de Orientación Laboral e unha persoa funcionaria adscrita ao dito servizo, que exercerá as funcións de secretaria, procurando unha composición equilibrada entre homes e mulleres segundo establece a Lei 7/2023 do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Se, por calquera causa, no momento en que a Comisión de Valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidera asistir, será substituída pola persoa que para o efecto designe o órgano competente para resolver.

5. O órgano instrutor elevará o informe da Comisión de Valoración xunto coa proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, logo da fiscalización pola Intervención Delegada, que resolverá a concesión ou denegación da axuda mediante resolución motivada e individualizada, por delegación da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

6. A resolución pola que se conceda a subvención determinará, como mínimo, o servizo e número de persoas técnicas para as que se concede a subvención, duración e datas de inicio e fin, e contía. A resolución poderá ter carácter retroactivo cando se trate do mantemento do servizo de orientación laboral.

O Servizo de Orientación Laboral poderá autorizar modificacións das condicións do servizo indicadas na solicitude da subvención cando estes cambios non afecten á puntuación outorgada na comisión de valoración nin á priorización dada na territorialización.

7. A resolución e a notificación deberanse producir nun prazo máximo de tres meses, que se contará desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes, deberase ter en conta o disposto nos artigos 40, 41 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 23.5 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, esta entenderase desestimada.

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido este sen que se

producira manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada, segundo establece o artigo 21.5 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

8. A resolución que finaliza os procedementos regulados na presente orde esgota a vía administrativa, polo que contra ela se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do dito acto se fose expreso, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, con anterioridade á interposición do dito recurso contencioso-administrativo, e de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto administrativo no prazo dun mes se o dito acto fora expreso, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno para a defensa dos dereitos e intereses das entidades solicitantes e outras posibles persoas interesadas.

9. As resolucións de concesión serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o establecido no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, e o establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os interesados poderán facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

10. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electrónicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de

Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fora posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. *Criterios de valoración das solicitudes*

A concesión das subvencións previstas na presente orde realizarase atendendo aos seguintes criterios, que serán aplicados e avaliados pola Comisión de Valoración prevista no artigo 9.4.

1. Criterios de exclusión e limitación:

Atendendo a criterios de eficiencia e eficacia na prestación dos servizos de orientación laboral, establécense limitacións ao financiamento en función do número de actividades de orientación realizadas polas persoas técnicas de orientación laboral, para aquelas entidades que tivesen

concedidas subvencións para servizos de orientación laboral ao abeiro da correspondente convocatoria de axudas para o exercicio 2025 (Orde do 27 de decembro de 2024).

Para estes efectos teranse en consideración as citas de orientación laboral presenciais, telefónicas e telemáticas realizadas, atendidas e mecanizadas con asistencia nos correspondentes aplicativos por cada unha das persoas técnicas de orientación en cada servizo subvencionado. Así mesmo teranse en conta as accións grupais mecanizadas e realizadas con asistencia das persoas participantes. No caso de entidades que non acaden a cifra mínima de servizos de orientación laboral realizados (citas e accións grupais), limitarase na presente convocatoria a posibilidade de obtención de subvención de xeito que o número de postos subvencionados non poderá ser superior ao que resulte de restarlle ao número obtido na anterior convocatoria o número de aqueles que non acaden o citado mínimo.

As contías mínimas de servizos de orientación (citas e accións grupais) que se considerarán para este fin establécense en 250 por cada posto de orientación subvencionado e vixente a 31 de decembro de 2025 para as entidades en xeral, e 90 no caso de entidades sen ánimo de lucro especializadas na atención a persoas con discapacidade e entidades especializadas na atención a un colectivo específico de persoas en risco exclusión social.

Terase en conta para este cómputo o período anual correspondente a 2025 polo que para cada servizo vixente a 31 de decembro de 2025 incluíranse, de ser o caso, as citas realizadas ao abeiro das ordes de convocatoria de axudas para o exercicio 2024 e 2025. De non existir coincidencia co período anual, extrapolaranse os datos obtidos segundo o período que corresponda.

En ningún caso o intervalo de datos a extrapolar poderá ser inferior a un mes dende a data da primeira cita rexistrada na axenda, e naqueles casos nos que non se dispoña deste período mínimo, non será de aplicación o criterio de limitación e exclusión. Considerarase que cumpre o requisito do prazo mínimo de un mes cando a primeira cita rexistrada sexa anterior ao 1 de decembro.

2. O mantemento dos servizos de orientación: asignación por servizos de orientación prestados.

Co obxecto de promover unha rede estable de servizos de orientación laboral que permita achegar estes ao maior número de persoas desempregadas de todo o territorio galego, e atendendo a criterios de eficacia e resultados acadados, en primeiro lugar asignarase a cada unha das entidades solicitantes que acaden a puntuación mínima establecida nos criterios de valoración de solicitudes recollidos no apartado 3 deste artigo, o financiamento necesario, sempre que exista crédito suficiente, para manter para cada localidade e xornada laboral, cada un dos postos de orientación laboral que acade o número mínimo de servizos de orientación laboral prestados (citas de orientación laboral presenciais, telefónicas e telemáticas realizadas, atendidas e mecanizadas con asistencia e accións grupais con asistencia das persoas participantes) que se establece a continuación:

– Entidades sen ánimo de lucro especializadas na atención a persoas con discapacidade e entidades especializadas na atención a un colectivo específico de persoas en risco de exclusión social: 250

– Resto entidades: 400

Os servizos prestados computaranse do xeito e no período establecido no apartado 1 deste artigo.

Cando unha entidade colaboradora solicite un posto de servizo de orientación pola vía de mantemento do servizo e non cumpra este requisito de servizos mínimos prestados, pasará ao reparto regulado no artigo 12.3 desta orde.

Cando o importe global máximo convocado para cada liña de axudas sexa abondo para garantir a concesión da totalidade de solicitudes que acceden pola vía de mantemento dos postos de orientación, non se procederá á baremación que se regula no artigo 12.3 da orde sempre que se cumpran as condicións seguintes:

1. Que as entidades unicamente soliciten postos de mantemento de servizo.
2. Que todos os servizos para os que a entidade solicita o mantemento cumpran os requisitos establecidos ao respecto na presente orde, de forma específica o que se refire ao nivel servizos mínimos prestados.
3. Que o importe global máximo convocado para cada liña de axudas sexa abondo para garantir a concesión da totalidade das solicitudes de mantemento dos servizos de orientación que cumpran os referidos requisitos.

En todo caso, as entidades deberán presentar toda a documentación que se establece nesta orde desde o seu inicio e deberán cumprir a valoración mínima para a consecución da condición de entidade beneficiaria de 20 puntos.

Cando o importe global máximo convocado para cada liña de axudas non sexa abondo para garantir a concesión da totalidade de solicitudes que acceden pola de mantemento dos servizos de orientación e que cumpren os requisitos de prestación de servizos mínimos, as concesións realizaranse prioritariamente en función da puntuación destas entidades segundo o regulado no punto 3 deste artigo. Previamente ao reparto, as solicitudes de postos agruparanse segundo as zonas de territorialización que se indican no Anexo IV, procedéndose á repartición en primeiro lugar entre os postos situados nos concellos incluídos na lista de zonas preferentes (áreas con menor implantación do servizo de orientación). Unha vez adxudicados estes postos e no caso de existir crédito sobrante, procederase ao reparto dos postos situados nos concellos non incluídos en ningunha das listas do Anexo IV (áreas neutras cun nivel de implantación medio do servizo). A continuación, no caso de existir crédito sobrante procederase á adxudicación dos postos situados nos concellos da lista de zonas non preferentes (áreas con maior implantación do servizo).

3. Asignación por criterios de puntuación

Unha vez asignado o financiamento correspondente aos criterios de eficacia e resultados establecidos no punto anterior distribuirase o importe restante segundo a orde de prelación que resulte da puntuación obtida por cada entidade solicitante despois de aplicar os criterios de territorialización e valoración que se definen a seguir. Inclúiranse neste reparto os postos de orientación afectados polo regulado no artigo 15 sobre o criterio de calidade:

A. Para todas as solicitudes:

a) Índices de paro segundo a comarca e/ou concello no que se sitúe a entidade, para as entidades locais recollidas no artigo 2.1.a), especialización para centros que atenden a persoas

con discapacidade ou a un colectivo específico de persoas en situación de risco de exclusión social, así como ámbito territorial de actuación para o resto de entidades sen ánimo de lucro: ata 25 puntos.

A valoración deste apartado realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

- Entidades locais

a.1. Agrupacións de concellos, mancomunidades e concellos cunha media de paro no ano 2025 superior ás 5.000 persoas: 25 puntos.

a.2. Agrupacións de concellos, mancomunidades e concellos cunha media de paro no ano 2025 superior ás 2.000 persoas: 20 puntos.

a.3. Agrupacións de concellos, mancomunidades e concellos cunha media de paro no ano 2025 superior ás 200 persoas: 15 puntos.

a.4. Resto de agrupacións de concellos, mancomunidades e entidades locais menores: 10 puntos.

- Entidades sen ánimo de lucro

a.1. Centros que atenden a persoas con discapacidade ou a un colectivo específico de persoas en risco de exclusión social ou entidades sen ánimo de lucro con ámbito territorial pluriprovincial: 25 puntos.

a.2. Outras entidades sen ánimo de lucro con ámbito territorial provincial: 20 puntos.

a.3. Outras entidades sen ánimo de lucro con ámbito territorial local: 15 puntos.

O ámbito territorial determinarase tendo en conta o número e a localización dos centros nos que a entidade realice a actividade propia do seu obxecto social relacionada coa atención aos colectivos recollidos no artigo 2 apartado c) desta orde.

b) Experiencia acreditada da entidade no desenvolvemento das accións de orientación laboral: ata 30 puntos.

A valoración deste apartado realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

b.1. Por cada ano dos últimos 5 de experiencia no desenvolvemento das accións de orientación de convocatorias anteriores, segundo os datos existentes no servizo de orientación laboral: 3 puntos.

b.2. Desenvolvemento, por parte da entidade solicitante, doutras medidas de mellora da empregabilidade complementarias ás definidas nesta orde, ao abeiro de convocatorias realizadas por administracións públicas que teñan por finalidade a mellora directa da empregabilidade e a cualificación das persoas desempregadas. A valoración deste criterio terá unicamente en conta as medidas activas de emprego desenvolvidas nos anos 2024 e 2025 e sempre que estean correctamente identificadas mediante un número de expediente e denominación concreta da medida: ata 15 puntos. Non serán valoradas aquelas medidas que non se identifiquen correctamente coa súa denominación, anualidade, o número de expediente e non acheguen a resolución de concesión da convocatoria.

Teranse en conta para a baremación deste apartado as seguintes medidas :

TR301P	Accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas.
TR302A	Accións formativas para o emprego dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas (no caso de incluír unha porcentaxe destinada a persoas desempregadas)
TR301K	Accións formativas para o emprego dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.
TR301R	Accións formativas de formación para o emprego non financiadas con fondos públicos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade.
TR332A	Subvención a entidades colaboradoras para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia.
TR332E	Subvención para la financiación del programa de apoyo a mujeres en los ámbitos rural y urbano
TR341K	Programa de axudas ás unidades de apoio á actividade profesional dos centros especiais de emprego.
TR341E	Programa de axudas á creación de postos de traballo estables para persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego.
TR341N	Programa de axudas á adaptación de postos de traballo e asistencia técnica para os Centros Especiais de Emprego.(2024) Programa de axudas á adaptación de postos de traballo para os Centros Especiais de Emprego.
TR341M	Programa de axudas ó mantemento do custe salarial das persoas con discapacidade nos Centros Especiais de Emprego.
TR341X	Programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos Centros Especiais de Emprego (CEE).
TR342A	Programa de emprego con apoio.
TR351A	Subvencións para entidades locais que contraten traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social.
TR351B	Subvención para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local.

TR351F	Subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da Risga.
TR351G	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).
TR352A	Subvención para entidades sen ánimo de lucro que contraten persoas traballadoras desempregadas para a realización de servizos de interese xeral e social..
TR352B	Subvención para entidades sen ánimo de lucro que contraten axentes de emprego e unidades de apoio.
TR353A	Subvención a obradoiros duais de emprego. Subvención talleres duais de emprego.
TR353B	Subvención programas de emprego para xóvenes.

Das solicitudes de baremación de medidas que non figuren no anterior listado , deberá achegarse documentación da convocatoria co fin de valorar a súa adecuación.

Non se valorará ningunha medida de mellora da empregabilidade cando se teña coñecemento da existencia dunha resolución de procedemento de reintegro total de subvención en algún dos programas indicados anteriormente como causa do establecido no artigo 33.1 a) ou b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que establece como causa de reintegro a obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o houberan impedido sendo ambas cualificadas como infraccións moi graves.

A valoración deste apartado realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

– Por cada medida activa de emprego diferenciada desenvolvida nos anos 2024 e 2025 pola entidade solicitante (e os concellos agrupados, de ser o caso): 2 puntos.

c) Redución no financiamento das accións subvencionadas por achegas económicas por parte da entidade: ata 15 puntos.

A valoración deste apartado realizarase tendo en conta a porcentaxe da redución proposta na solicitude respecto do importe máximo da subvención que correspondería atendendo á xornada laboral por cada persoa técnica de orientación segundo os seguintes tramos :

- c.1. Redución de entre o 4 e o 5 por cento: 2 puntos.
- c.2. Redución de entre o 6 e o 10 por cento: 4 puntos.
- c.3. Redución de entre o 11 e o 20 por cento: 6 puntos.
- c.4. Redución de máis do 20 por cento: 8 puntos.
- c.5. Redución de máis do 40 por cento: 15 puntos.

B. Para as solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local:

a) Proxectos presentados por agrupacións de concellos baixo calquera fórmula (asociación, mancomunidade...) agás a fusión de concellos: 30 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

- Pola mera presentación da solicitude conxunta: 10 puntos.
- Polo número de concellos asociados: ata 10 puntos
 - 2 concellos: 9 puntos.
 - máis de 2 concellos: 10 puntos.

– Pola presentación dunha memoria de aforro de custos da prestación conxunta do servizo de orientación laboral con respecto á prestación de forma individual: ata 10 puntos.

b) Proxectos presentados por entidades locais resultantes dun proceso de fusión municipal de acordo coa Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia: 30 puntos.

c) Non serán admitidas aquelas solicitudes conxuntas en que non resulte acreditada a realización conxunta do servizo de orientación laboral e que supoñan actuacións independentes de cada entidade local.

C. Para o caso de que se produza un empate nas puntuacións obtidas en aplicación dos criterios deste artigo, terán preferencia aquelas solicitudes en que conste o emprego da lingua galega na realización das accións de orientación laboral debidamente declarado no formulario da solicitude pola persoa representante da entidade. No caso de persistir o empate, darase prioridade a aquela entidade que teña menos postos de orientación laboral subvencionados.

D. A valoración mínima para a consecución da condición de entidade beneficiaria debe ser de 20 puntos.

E. Unha vez calculada a puntuación obtida por cada entidade, procederase a asignación do crédito resultante proporcionalmente e seguindo a territorialización indicada no Anexo IV, procedéndose á repartición en primeiro lugar entre os postos de mantemento de servizo e novas solicitudes de servizo situados nos concellos incluídos na lista de zonas preferentes (áreas con menor implantación do servizo de orientación). Unha vez adxudicados estes postos e no caso de

existir crédito sobrante, procederase á repartición dos postos de mantemento de servizos situados nos concellos non incluídos en ningunha das listas do Anexo IV (áreas neutras cun nivel de implantación medio do servizo). A continuación, no caso de existir crédito sobrante, procederase á adxudicación dos postos de mantemento de servizos situados nos concellos da lista de zonas non preferentes (áreas con maior implantación do servizo).

Tal e como se indica no parágrafo anterior, no caso de reparto do crédito entre as solicitudes de novos postos de orientación laboral, unicamente se procederá ao reparto do crédito entre as solicitudes de postos en zona preferente.

Artigo 13. Requisitos e selección do persoal técnico de orientación

1. As entidades beneficiarias, unha vez ditada resolución favorable, realizarán a preselección do persoal obxecto da subvención concedida, que en todo caso deberá contar con titulación universitaria . Non será necesario realizar este proceso de selección cando a persoa que se vai contratar estea prestando servizos na entidade beneficiaria da subvención e cumpra os requisitos establecidos neste artigo.

2. Unha vez realizada a dita preselección, a entidade remitiralle ao Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, o currículo acreditado da persoa seleccionada. O persoal do devandito servizo avaliará o currículo presentado de acordo co seguinte baremo:

Requisitos imprescindibles para superar a fase de baremación do currículo:

Requisitos de titulación:

- Título de licenciado/a universitario/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a ou grao.

- Título universitario de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a ou grao. Requisitos de puntuación: - Acadar unha puntuación mínima total no currículo de 3,5 puntos.	
Formación específica en materia de orientación laboral (máximo 3,5 puntos)	Puntuación
Máster ou cursos de orientación laboral (integración laboral, inserción laboral, orientación/integración profesional)	0,50 puntos por cada 25 horas formativas
Formación complementaria relacionada coas tarefas definidas no artigo 3 desta orde (máximo 1 punto)	Puntuación
- formación sobre a prospección do mercado laboral - creación de empresas e autoemprego, cooperativas, emprendemento - mellora de habilidades para o asesoramento e atención no ámbito laboral - igualdade de oportunidades no ámbito do emprego - selección de persoal; recursos humanos - formación en xénero e discapacidade no ámbito do emprego	0,25 puntos por cada 25 horas formativas
Experiencia profesional directamente relacionada co posto (máximo 3,5 puntos)	Puntuación
A experiencia profesional deberá acreditarse exclusivamente a través do contrato de traballo en que conste o desempeño dunha ocupación igual ou equivalente á requirida, das recollidas na CNO. No caso de persoas traballadoras autónomas acreditarase coa alta en IAE (e actualización) e coas facturas en que consten os servizos prestados. Xuntarse informe de vida laboral en ambos os casos. Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, acreditarase coa certificación de organismos oficiais en que deberá constar o tempo de realización e, de ser o caso, copia das condicións da convocatoria.	
Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: técnico/a de orientación, orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc.	0,40 puntos por cada mes
Experiencia profesional indirectamente relacionada co posto (máximo 2 puntos)	Puntuación
Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (axentes de emprego, prospectores de emprego, axentes de desenvolvemento local, técnicos de emprego en entidades locais,...)	0,20 puntos por cada mes
Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados (máximo 0,75 puntos)	Puntuación
Os coñecementos débense acreditar mediante a achega de títulos, diplomas e/ou certificacións académicas.	
Polos cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis...) Non puntúan os cursos inferiores a 15 horas.	0,10 puntos por cada 15 horas de curso
Outros méritos (0,25 puntos)	Puntuación

Celga 4 ou equivalente debidamente homologado	0,25 puntos
Discapacidade (-1 punto)	Puntuación
Por ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre que exista unha compatibilidade entre a discapacidade e o desenvolvemento das tarefas e funcións do posto	1 punto

Este procedemento de baremación carece de vinculación cos procedementos de selección de persoal que, de ser o caso, realicen as entidades beneficiarias da subvención. A súa finalidade é verificar que a persoa proposta pola entidade beneficiaria cumpre cos requisitos mínimos que se consideran imprescindibles para o exercicio da orientación laboral nas entidades beneficiarias ao abeiro desta orde.

O servizo de orientación laboral verificará que a persoa preseleccionada pola entidade acada a puntuación mínima establecida no baremo. Para o caso de que a persoa preseleccionada non acade a puntuación mínima exigida, a entidade beneficiaria deberá presentar unha nova persoa candidata dentro do prazo previsto para a selección e contratación. No caso de que a persoa preseleccionada supere a puntuación mínima, a entidade non poderá solicitar a baremación dunha nova persoa salvo que xustifique os motivos que impidan o desempeño da actividade pola persoa xa baremada favorablemente. En todo caso, a entidade será responsable de verificar a veracidade dos datos presentados polos candidatos ao posto.

O establecido neste apartado non será de aplicación para o persoal técnico que xa fose baremado positivamente ao abeiro dos programas de orientación laboral en exercicios anteriores, ao cal se lle considerará vixente a dita baremación .

3. O persoal seleccionado conforme ao establecido nas epígrafes anteriores poderá ter

relación previa coa entidade colaboradora ou ser obxecto de nova contratación pola modalidade máis axeitada, incluíndo, se fora o caso, a contratación mediante a modalidade prevista no artigo 10.c) do Estatuto Básico do empregado Público, así como no artigo 23.2.c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia cando se trate dunha entidade local das recollidas no artigo 2.1.a) desta orde.

En todo caso, no contrato de traballo, documento de toma de posesión do posto ou modificación de funcións posterior á sinatura do contrato ou documento de toma de posesión, de ser o caso, deberá constar con claridade a prestación dos servizos de orientación laboral con referencia ao procedemento TR331A.

A entidade beneficiaria asume a súa condición de empregadora respecto ao devandito persoal e o compromiso de cumprir a normativa laboral en materia de contratación.

Así mesmo, deberalles facilitar ás persoas traballadoras os elementos persoais e materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo e achegar a súa propia dirección e xestión para a articulación da colaboración, conservando a estrutura de mando sobre o seu persoal, sendo responsable da calidade técnica das tarefas que desenvolvan.

A concesión e uso destas axudas non suporá, en ningún caso, relación contractual ou laboral coa Xunta de Galicia.

4. Nos casos de substitución temporal ou definitiva do persoal contratado, a entidade procederá á súa substitución, aplicándose os seguintes criterios:

Nos casos de substitucións temporais da persoa orientadora, por calquera causa que a

provoque, a entidade deberá comunicar a súa substitución nun prazo máximo de 60 días naturais desde o inicio da causa da substitución.

Nos casos de substitucións definitivas do persoal orientador, a entidade deberá comunicar a persoa de substitución nun prazo máximo de 30 días naturais desde a baixa efectiva na Seguridade Social ou desde o cesamento da prestación do servizo.

Nos casos no que a baixa abarque dous períodos subvencionados non se reiniciará o cómputo de prazos por cambio de período e aplicarase a penalización que se indica no artigo 17 unicamente no segundo período.

En todos os casos anteriores, a falta de prestación do servizo de orientación xerará a perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, a obriga de reintegro da parte proporcional da subvención correspondente ao período de baixa ou de interrupción do servizo.

En todo caso, a contratación da persoa para substituír temporal ou definitivamente deberá realizarse de acordo cos requisitos e procedemento establecidos neste artigo.

Todos os prazos indicados poderán ampliarse por autorización expresa da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego logo de solicitude fundamentada da entidade beneficiaria segundo o disposto no artigo 32 da lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A falta de cumprimento dos prazos establecidos neste apartado suporán a aplicación das penalizacións reguladas no artigo 17 da orde.

Artigo 14. *Pagamento da subvención*

1. O pagamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedida, o que se xustificará, dentro dos prazos establecidos na resolución de concesión da subvención, e en todo caso con data límite de xustificación o 11 de decembro de 2026, excepto para aquelas entidades que contraten ao persoal técnico obxecto da subvención con posterioridade a esta data, que deberán presentala cunha antelación mínima que permita ao órgano concedente a verificación do cumprimento dos requisitos dentro do exercicio orzamentario. As entidades beneficiarias poderán solicitar como máximo un pagamento parcial para liquidar o importe correspondente á parte dos servizos xa iniciados. O importe do pagamento parcial non poderá exceder do 80% do total da subvención concedida e as entidades estarán exentas da constitución de garantías conforme establece o artigo 65.4 do decreto 11/2009 , polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A xustificación realizarase a través da presentación da seguinte documentación:

a) Comunicación electrónica de cada contratación no modelo publicado na páxina web institucional da Xunta de Galicia no enlace https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0040.html.

b) Declaración de inicio e solicitude de pagamento, no modelo publicado na dita ligazón, en que consten:

- Os custos de contratación do persoal técnico subvencionado referidos a un período anual.
- Declaracións responsables do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas

para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes e de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade de Galicia.

c) Documentación relacionada co contrato de traballo:

– Contratos de traballo ou toma de posesión do persoal subvencionado, indicando a súa vinculación co procedemento TR331A. Adicionalmente nos casos de contratos de traballo debe achegarse a comunicación a través de Contrat@ .

Nos casos en que non se interrompese a contratación da persoa orientadora que prestase servizos ao abeiro da convocatoria de axudas anterior, non será precisa a presentación do contrato sempre que non houberse modificacións substanciais nel.

– Informes de datos de cotización (modelo IDC coa data de impresión actualizada) do persoal contratado. No caso de que o inicio da contratación non coincida co inicio do período subvencionado, deberá actualizarse a súa descarga.

d) Para o caso de novas concesións nos centros de orientación, ademais:

– Certificado do órgano competente da entidade beneficiaria, relativo á existencia de título lexítimo que habilite para a posesión dos inmobles e instalacións correspondentes e da licenza municipal de apertura, de ser esta necesaria (en caso de agrupación de concellos e de mancomunidades, de cada un dos locais onde se vaia prestar o servizo de orientación).

– Planos da planta onde está situado o espazo que se dedicará a orientación laboral, tendo en conta que a entidade solicitante deberá garantir que estean delimitados coas suficientes garantías de confidencialidade para a atención individual das persoas demandantes. Deberán presentarse cos seguintes requisitos:

- indicación do enderezo completo do centro ou centros aos cales corresponden
- indicación expresa do espazo ou espazos diferenciados
- superficie do espazo destinado a orientación

- Unha fotografía do cartel informativo e a súa localización segundo as instrucións dadas no Manual de Instrucións operativas e do indicado no artigo 16.2.1.a) desta orde.

2. O Servizo de Orientación Laboral reserva para si a facultade de verificar, con carácter previo á autorización dun novo centro de orientación, se este cumpre as condicións de accesibilidade e calidade necesarias para o correcto desenvolvemento das actividades descritas no artigo 3.

Artigo 15. Seguimento, control e xustificación das accións

1. Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración realizará as comprobacións e verificacións presenciais, semipresenciais e aleatorias que considere precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta orde e demais normativas vixentes que resulten de aplicación, e co obxecto de avaliar cuantitativa e cualitativamente o desenvolvemento das accións previstas na presente orde.

No caso de levarse a cabo visitas de seguimento por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, as entidades beneficiarias na área de orientación laboral, facilitarán o acceso ás instalacións nas que se realizan as accións, así como toda a documentación de carácter técnico, administrativo, informático ou contable que teña relación coa subvención concedida que se lles solicite.

Nas visitas de seguimento elaborárase un informe checklist que asinarán a persoa responsable da visita e a persoa responsable da entidade. A sinatura da persoa responsable da entidade non implicará a conformidade co contido do informe.

2. Co fin de garantir a calidade do servizo ofrecido ás persoas usuarias, poderán realizarse comprobacións do desenvolvemento do servizo de orientación laboral onde se verificará o cumprimento das instrucións publicadas, enviándose un informe de calidade á entidade beneficiaria onde se indicarán as deficiencias detectadas e recomendacións de mellora.

Avaliaranse todos os servizos de orientación que recibiron un informe de calidade no ano 2024, tendo en conta os seguintes criterios de calidade sobre o traballo realizado no período anual 2025, a excepción da letra c), que se aplicará aos datos existentes no momento de realización da comisión de valoración:

a) Actualización no último ano do perfil profesional das persoas usuarias atendidas no período en polo menos o 90% das citas de perfil profesional rexistradas con asistencia, debendo ser maiores a 0.

b) Realización do perfil competencial de polo menos o 70% das persoas atendidas.

c) O 70% dos itinerarios personalizados abertos sen un PACE sen finalizar, deben ter unha cita futura rexistrada, debendo ser maior a 0.

d) O 70% dos IPIs desenvolto durante mais de 6 meses, tiveron polo menos unha cita de seguimento rexistrada.

Os postos de orientación que non cumpran dous dos criterios indicados, pasarán ao reparto por asignación de puntuación que regula o artigo 12.3.

A aplicación destes criterios de calidade realizarase unha vez calculados os criterios de valoración recollidos no artigo 12 desta orde, e na Comisión de Valoración que determine a asignación das subvencións.

3. Para os efectos da xustificación final da subvención percibida, as entidades beneficiarias deberán presentar, no prazo de dous meses desde a finalización do servizo, a seguinte documentación:

– Un certificado de fin de servizo segundo o modelo que se publicará na web institucional da Xunta de Galicia https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0040.html

– Nóminas aboadas ás persoas traballadoras que se contraten e boletíns de cotización á Seguridade Social (recibo de liquidación de cotizacións, relación nominal de traballadores, etc), así como os documentos bancarios correspondentes que acrediten o seu pagamento, e mais os impresos de liquidación nominal do IRPF e xustificantes do seu pagamento, unha vez se dispoña deles.

– Memoria final resumo das accións realizadas durante a totalidade do período subvencionado, segundo o modelo que se publicará na web institucional da Xunta de Galicia [https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?](https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0040.html)

[content=iniciativa_0040.html](https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0040.html)

- Recibos de prestación de servizos do período subvencionado ordenados cronoloxicamente e de acordo coas instrucións publicadas e coas firmas debidamente recollidas por parte da persoa usuaria e a persoa orientadora.

- Aquelas entidades que sexan beneficiarias da subvención regulada nesta orde por un importe total maior a 200.000 euros, deberán presentar un informe de auditoría, de acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A persoa auditora de contas poderá ser elixida libremente polas entidades beneficiarias, de entre as rexistradas como exercentes no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, conforme ao estipulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. O informe da persoa auditora estenderá o seu contido exclusivamente á xustificación económica, tendo en conta que se cumpran as normas recollidas para o efecto na presente orde e no manual de instrucións que se pon á disposición das entidades beneficiarias na páxina web institucional da Xunta de Galicia [https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?](https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0040.html)

[content=iniciativa_0040.html](https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0040.html). O informe estenderáse á totalidade da conta xustificativa, e como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

a) Informe da persoa auditora sobre a conta xustificativa coas especificacións recollidas na presente orde e nas instrucións de xustificación publicadas pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

b) Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado ao financiamento do custo salarial e de Seguridade Social das persoas traballadoras imputadas con cargo a esta subvención, e que a suma de todas as axudas recibidas non supera o custo total salarial e de Seguridade Social para cada persoa traballadora.

c) Indicación do importe, desagregado por cada persoa traballadora e mes, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta orde e na instrución da xustificación publicada.

d) Verificación de que a entidade beneficiaria dispón de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa identificación en conta separada ou epígrafe específica da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións realizadas, para garantir a rastrexabilidade dos pagamentos e o seguimento da pista de auditoría.

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que a entidade a presentara ante o órgano administrativo competente, este requirirá á persoa beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste artigo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións.

Artigo 16. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. As entidades beneficiarias, ademais das establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención de acordo co previsto na solicitude e na resolución de concesión, nesta orde e nos documentos de instrucións operativas que se porán a disposición das entidades beneficiarias na páxina web institucional da Xunta de Galicia na ligazón https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0040.html

b) Retribuír ás persoas orientadoras cos salarios que legal ou convencionalmente lles correspondan e sexan acordes a súa categoría profesional e titulación.

c) Con independencia do cobramento ou non da subvención, deberán satisfacer ao seu vencemento e mediante transferencia bancaria, as obrigas económicas que se deriven do funcionamento dos servizos subvencionados, especialmente as de carácter salarial.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

e) Comunicar, no prazo de 10 días hábiles, á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego :

- As subvencións ou axudas solicitadas e/ou obtidas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional.

- Aquelas modificacións substantivas que afecten á realización da actividade a desenvolver polo persoal técnico, co obxecto de que poida valorarse se o seu carácter produce unha alteración substancial das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

f) Manter as condicións relativas ás instalacións e medios dedicados á realización das accións de orientación laboral e poñer a disposición do persoal técnico todos os medios materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das súas funcións e, en particular, os equipos informáticos precisos, o acceso a Internet e ao correo electrónico. Neste sentido deberán informar e, se é o caso, solicitar autorización, previamente e por escrito, sobre calquera cambio que se puidese producir nos datos expresados pola entidade no inicio da súa colaboración, especialmente no que atinxe aos cambios de local.

g) Manter a disposición do Servizo Público de Emprego de Galicia e custodiar durante o período en que se executen as accións de orientación laboral o expediente completo de cada persoa usuaria. En caso de cesamento das súas actividades ou de perda da súa condición de entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia na área da orientación laboral, a entidade remitirá os expedientes das persoas usuarias á oficina de emprego que lle indique a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego .

h) Obter o consentimento das persoas usuarias para o tratamento automatizado dos seus datos persoais e facilitarlle información do estado dos seus datos de carácter persoal incluídos nos ficheiros automatizados en calquera das formas expresadas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de

decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguranza dos datos.

i) Gardar o segredo profesional respecto dos datos contidos nos ficheiros automatizados de titularidade da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou rexistrados en soportes físicos susceptibles de tratamento automatizado. Esta obriga subsistirá cando a entidade finalice a súa colaboración coa Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego:

l) Non percibir retribución económica ningunha das persoas usuarias pola realización das accións de orientación laboral desenvolvidas en colaboración coa Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego no marco desta disposición.

2. Ademais co fin de efectuar un seguimento adecuado da execución dos proxectos, a entidade beneficiaria deberá someterse ao cumprimento das seguintes obrigas:

I. Relacionadas coas medidas de información e publicidade:

a) No despacho ou espazo diferenciado onde se realicen as accións de orientación laboral, deberá colocarse un cartel informativo no que constará o cofinanciamento polo Servizo Público de Emprego segundo o modelo normalizado publicado pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego na web institucional da Xunta de Galicia no enlace: https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-sbvencions/emprego?content=iniciativa_0040.html.

b) Deberán utilizar axeitadamente as identificacións segundo as instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego e, en todo caso, incluír en toda a documentación relativa ás accións de orientación laboral os logotipos dos servizos públicos de emprego.

c) Deberán, ademais, obter autorización previa por parte da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego para a difusión publicitaria das accións previstas no artigo 3 desta orde.

II. Relacionadas coas verificacións administrativas e sobre o terreo, e sen prexuízo da obriga de xustificación das subvencións percibidas nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na presente norma:

a) As entidades beneficiarias das axudas deberán manter un sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada de todas as transaccións realizadas con cargo aos proxectos subvencionados, referidos ás operacións da afectación da subvención á finalidade da súa concesión.

b) Manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

c) Someterse ás actuacións de comprobación administrativas e sobre o terreo que se poidan acordar. As entidades están obrigadas a atender correctamente en tempo e forma aos distintos requirimentos feitos pola administración para a xustificación dos fondos recibidos.

Artigo 17 . *Perda do dereito ao cobramento e reintegro*

1. No caso de que a entidade beneficiaria da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigacións estipuladas nesta orde procederá a perda do dereito ao cobramento das subvencións, ou no seu caso, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de

demora, nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

De conformidade co artigo 14.1.n) da citada Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe que se deba reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

a) Incumprimento das condicións esixidas á entidade beneficiaria para a concesión da subvención: reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado e a exixencia de xuros de demora .

b) Non realización da actividade, ou adopción dun comportamento contrario ao que fundamenta a concesión da subvención: reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado e a exixencia de xuros de demora .

c) A non prestación dos servizos de orientación non se penalizará en tanto se cumpran os prazos establecidos para a substitución temporal ou definitiva do persoal nos termos do artigo 13.4, aínda que procederá o reintegro ou a perda do dereito ao cobro, no seu caso, das contías correspondentes nos termos establecidos no mesmo artigo.

Non obstante, a falta de substitución temporal ou definitiva do persoal de orientación, ou a súa substitución temporal ou definitiva sen cumprir os termos establecidos no artigo 13.4 comportará, ademais dos reintegros establecidos no parágrafo anterior, unha penalización do 1% sobre o gasto subvencionado que, sumado aos reintegros anteditos, non poderá ser superior ao 100% da contía finalmente subvencionada. Non se aplicará esta penalización cando o

incumprimento do establecido no artigo 13.4 sexa por causas alleas á entidade e estea debidamente xustificado.

Nos casos de que a baixa abarque dous períodos subvencionados aplicarase a penalización que se indica no artigo 17 unicamente no segundo período.

d) O atraso no cumprimento da obriga de satisfacer ao seu vencemento, con independencia do cobro da subvención, e mediante transferencia bancaria, as obrigas económicas de carácter salarial: reintegro do 10% sobre o gasto subvencionado.

e) Incumprimento das obrigas en materia de publicidade establecidas no artigo 16.2.I: reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.

f) Procederá o reintegro do exceso da axuda percibida ou, no seu caso, o reintegro total, máis os xuros de demora, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador e demais responsabilidades en que poida incurrir a entidade beneficiaria, no caso de non comunicar a obtención doutras axudas que financien as actuacións subvencionadas.

g) Procederá o reintegro do 10% da axuda percibida, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas para a mesma finalidade.

h) Unha vez contratado o persoal orientador, o atraso no inicio das tarefas de orientación por causas non imputables á administración comportará o reintegro ou desconto da parte proporcional do gasto subvencionado correspondente ao período que transcorra dende a data de contratación da persoa orientadora ata a data de inicio das súas actuacións, salvo causas de forza maior.

i) O incumprimento da obriga regulada no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o subministro de información necesaria á Administración no prazo outorgado por ésta, ao organismo ou á entidade á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, para que estas cumpran as obrigas previstas no título I da citada lei, estará suxeito ao disposto no artigo 4.4 da Lei 1/2016 , do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno.

l) A falta de xustificación da prestación do servizo, mediante a presentación do documento correctamente asinado pola persoa usuaria segundo as instrucións publicadas, de entre o 10% e o 25% das citas atendidas con asistencia , suporá o reintegro dun 2% sobre o gasto subvencionado; de entre o 26% e o 40%, suporá o reintegro dun 5% sobre o gasto subvencionado e de mais do 41%, suporá o reintegro do 10%.

m) O incumprimento da obriga de presentación da documentación esixida no artigo 15 ou outra necesaria para aclarar a correcta xustificación da documentación obtida nos prazos indicados polo órgano responsable nos requirimentos, suporá o reintegro da parte proporcional ao gasto non xustificado. No caso da falta de xustificación de documentación que non afecte ao cálculo da contía a reintegrar, aplicarase unha penalización do 5%.

n) O incumprimento da obriga establecida no artigo 8 desta orde de subvencións estará suxeito ao disposto no artigo 4.4 da Lei 1/2016 , do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, que determina multas coercitivas de 100 a 1.000 euros nos supostos en que o requirimento de información non sexa atendido en prazo. O total da multa non poderá exceder do 5% do importe total da subvención concedida. Para a determinación do importe atenderase á gravidade do incumprimento e ao principio de proporcionalidade.

ñ) O incumprimento da obriga establecida no artigo 15 desta orde sobre a falta de presentación da xustificación no prazo de dous meses desde a finalización do servizo, levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na [Lei Xeral de Subvencións](#).

2. A obriga do reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Disposición adicional primeira

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego para conceder, autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos así como para exixir da entidade beneficiaria o reintegro da subvención cando aprecie a existencia dalgún dos supostos de reintegro de cantidades percibidas establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, así como nos casos en que fose declarada a abstención ou recusación da persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, as atribucións citadas no parágrafo anterior serán exercidas temporalmente e mentres persistan aquelas circunstancias pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica e, na súa falta, polas persoas titulares e de dirección, seguindo nesta suplencia a orde establecida no Decreto 147/2024 de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Neste senso, a substitución a asumira a persoa titular do órgano que

ocupe o posto seguinte na orde correlativa establecida no decreto, e corresponderalle ao primeiro, se é o caso, substituír o último.

Disposición adicional segunda

As entidades beneficiarias destas axudas están suxeitas ao réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións, previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional terceira

En todo o non disposto na presente disposición, será de aplicación supletoria a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Disposición adicional cuarta

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitírase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Diario Oficial de Galicia.

Disposición derradeira primeira

Autorízase á persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2026

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración